Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
XOVES, 1 DE OUTUBRO DE 2026 | JUEVES, 1 DE OCTUBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 188

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

## CARBALLO

*Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades prestadoras de servizos sociais do Concello de Carballo 2026*

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 21/09/2026 adoptou, entre outros, o seguinte acordo :

**"BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS DO CONCELLO DE CARBALLO 2026**

**LIÑAS XERAIS**

O Concello de Carballo recoñece o papel esencial e indispensable que desempeñan as entidades sociais do municipio como eixe vertebrador do tecido comunitario. O seu labor diario supón un elemento fundamental na formación integral da cidadanía, na promoción do benestar colectivo e na mellora continua da calidade de vida de toda a nosa veciñanza, especialmente daqueles colectivos en situación de maior vulnerabilidade.

Consecuentemente, dende o goberno municipal considérase prioritario e de interese público destinar recursos económicos directos ás entidades sen ánimo de lucro do eido social. Esta liña de axudas ten como finalidade garantir o financiamento e a sostibilidade dos seus proxectos, actividades e programas de intervención e promover o desenvolvemento de accións solidarias, inclusivas e de cooperación que contribúan a dar unha resposta eficaz ás necesidades reais dos veciños e veciñas de Carballo.

**NORMATIVA APLICABLE**

A concesión de subvencións regularase polo contido das presentes bases e, para o non disposto nestas, rexerán as normas establecidas en:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2026
- Ordenanza municipal de subvencións

**1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

A presente convocatoria pública ten por obxecto regular o procedemento administrativo para a concesión de subvencións públicas en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a financiar a execución de proxectos, programas e actividades desenvolvidos no eido dos servizos sociais e da atención socio asistencial no municipio de Carballo ao longo do exercicio 2026.

Con esta liña de axudas preténdese apoiar, fomentar e consolidar o labor que levan a cabo as asociacións e entidades sen ánimo de lucro cuxas accións sexan consideradas de interese social para o Concello de Carballo. De xeito prioritario, os recursos económicos irán dirixidos á promoción de actuacións e servizos que teñan como finalidade fundamental a prevención da exclusión social, a mellora da autonomía persoal, a integración e a protección da poboación máis desfavorecida ou en situación de vulnerabilidade, así como o reforzo do tecido asociativo e a cohesión social no termo municipal.

**2. ENTIDADES BENEFICIARIAS.**

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria:

a) As asociacións e entidades xuridicamente constituídas sen ánimo de lucro, que teñan o seu domicilio social en Carballo, realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.

b) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, xuridicamente constituídas, aínda que non estean domiciliadas en Carballo, realicen actividades de interese municipal dentro do Concello ou en beneficio deste, e se atopen debidamente inscritas no Rexistro de Asociacións e no Rexistro de Entidades Prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia

Número de anuncio 2026/6286

Non poderán ser destinatarias de subvencións:

- Aquelas entidades que non se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello, Axencia Estatal de Administración Tributaria e coa Seguridade Social.
- Actividades que non cumpran algún requisito das presente bases.
- Aquelas entidades que teñan pendente de xustificar algunha subvención ou axuda económica co Concello de Carballo en exercicios anteriores (art.2.1b da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Carballo).

**3. PROGRAMAS SUBVENCIONABLES**

Poderán ser obxecto de subvención as accións de servizos sociais puntuais ou anuais dirixidas a:

- comunidade
- familia, infancia e mocidade
- discapacidade e diversidade funcional
- persoas maiores e vellez
- muller e igualdade de xénero
- condutas aditivas e prevención de drogodependencias
- minorías étnicas e inclusión intercultural
- inclusión social e prevención da exclusión social
- accións de carácter formativo ou asistencial vinculadas ao eido social

**4. GASTOS SUBVENCIONABLES**

Consideraranse gastos subvencionables aqueles que respondan de xeito indubidable á natureza do programa ou actividade subvencionada, se executen no ano 2026 e estean efectivamente pagados antes do remate do período de xustificación. Excepcionalmente, admitirase o pago dos tributos e cotizacións devindicados no último trimestre do ano cuxo aboamento deba realizarse obrigatoriamente no mes de xaneiro do exercicio seguinte, sempre que correspondan ao período subvencionable.

4.1 As axudas económicas concedidas poderán destinarse aos conceptos e/ou gastos correntes directamente relacionados coa realización do programa ou actividade que poden ser, entre outros:

- Retribucións e gastos de persoal relacionados coa actividade subvencionada.
- Gastos xerais de mantemento da entidade (alugamento de locais, subministracións, etc). Estes gastos nunca poderán ser superiores ao 15% dos gastos directos da actividade ou programa. Excepto para aquelas entidades que soliciten a axuda para contribuír aos gastos xerais de mantemento. Neste caso, os gastos non poderán exceder o 60%. De superar esta porcentaxe, na valoración só se terá en conta o gasto ata a dita porcentaxe.
- Gastos de seguros de accidentes ou responsabilidade civil a efectos da realización da actividade ou programa.

4.2 Non se considerarán gastos subvencionables:

- As actividades financiadas polo Concello de Carballo.
- Os gastos e pagos realizados fóra do prazo de xustificación ou de execución do programa ou actividade, (a excepción dos pagos referidos no parágrafo primeiro desta base).
- Os investimentos e obras de infraestrutura.
- As viaxes ou gastos derivados destas e compra de agasallos.
- Así como calquera outro gasto que non teña relevancia no eido dos SS.SS.
- Os honorarios de profesionais que formen parte da Xunta Directiva da entidade solicitante, por participar nas actividades ou programas subvencionados.

**5. CRITERIOS DE CONCESIÓN, CONTÍA E LÍMITE DAS SUBVENCIÓNS**

A puntuación máxima para cada solicitude será de 100 puntos. Para que un proxecto poida ser subvencionado requirirase acadar unha puntuación mínima de 40 puntos.

A valoración de cada expediente de solicitude farase en función dos seguintes criterios:

Número de anuncio 2026/6286

| BLOQUE | APARTADO E CRITERIOS DE VALORACIÓN | PUNTOS | MÁX. |
|---|---|---|---|
| A. PROXECTO | **A.1. Relevancia e coherencia** | | 45 |
| | • Actuación asistencial (discapacidade, saúde mental, exclusión) | 10 | |
| | • Actuación preventiva, de sensibilización ou lecer inclusivo | 5 | |
| | **A.2. Sostemento e continuidade** | | |
| | • Programas estables a longo prazo | 10 | |
| | • Actuacións puntuais, eventos únicos ou campañas | 5 | |
| | **A.3. Galego e linguaxe inclusiva** | | |
| | • Uso íntegro do galego na execución e materiais de difusión | 5 | |
| | • Uso de linguaxe non sexista e materiais inclusivos | 5 | |
| | **A.4. Impacto e intensidade** | | |
| | • Impacto masivo (>100 persoas usuarias) | 15 | |
| | • Relevante (51-100 persoas usuarias) | 10 | |
| | • Limitado (≤50 persoas usuarias) | 5 | |
| B. REDE E SUSTENTABILIDADE | **B.1. Antigüidade e traxectoria** | | 20 |
| | • > 20 anos de inscrición oficial | 15 | |
| | • 5-20 anos de inscrición oficial | 10 | |
| | • < 5 anos de inscrición oficial | 5 | |
| | **B.2. Colaboración interasociativa** | | |
| | • Proxectos en cooperación con outra/s entidade/s (actividades conxuntas, compartición de recursos ou locais) | 5 | |
| C. TRANSPARENCIA | **C.1. Transparencia na xestión (Acreditar mediante URL)** | | 10 |
| | • Publicación activa de contas, memoria, subvencións e Xunta Directiva | 10 | |
| D. CAPACIDADE | **D.1. Estrutura e recursos de entidade** | | 15 |
| | • D.1.1. **Recursos humanos:** persoal técnico titulado adscrito ao proxecto | 2,5 | |
| | D.1.2. **Recursos materiais:** medios propios dispoñibles | 2,5 | |
| | • D.1.2. Voluntariado: persoal voluntario acreditado e con seguro no proxecto | 5 | |
| | • D.1.3. Vencellamento: inscrición activa no Rexistro Municipal de Entidades | 5 | |
| E. IGUALDADE | **E.1. Perspectiva de xénero e paridade** | | 10 |
| | • E.1.1. Paridade: mínimo 40% mulleres en Directiva e/ou equipo técnico | 5 | |
| | • E.1.2. Formación: acreditación de formación en igualdade de xénero. | 5 | |
| TOTAL | **Puntuación máxima configurada do baremo técnico** | | 100 |

Número de anuncio 2026/6286

A fórmula para determinar a contía da subvención será:

A contía da subvención estará en función dos puntos obtidos.

A Comisión de Valoración outorgará a cada solicitude unha puntuación de acordo cos criterios establecidos.

**Contía da subvención** = puntos obtidos na actividade ou proxecto x valor do punto.

**Cálculo do valor de cada punto**:

**Valor do punto** = presuposto total (65.000€) / Total de puntos obtidos por todas a actividades ou proxectos.

A fórmula que hai que aplicar sería:

**CMS= valor punto x puntos obtidos**

Por regra xeral a subvención municipal non superará o 70% do orzamento total do proxecto ou actividade(coeficiente de financiamento 0.7) nin os 8.000,00 euros.

Se unha vez aplicada a fórmula e feito o reparto entre as entidades subvencionadas existise sobrante, este repartirase segundo a fórmula adaptada:

CMS2: **Valor punto2 x puntos obtidos**

**Valor punto2** = Importe sobrante / total de puntos obtidos por todas a actividades ou proxectos.

E así sucesivamente ata esgotar a contía asignada a esta convocatoria.

En ningún caso o importe da subvención será superior a contía solicitada.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade que se vai desenvolver.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos, de tal xeito que a súa contía definitiva supoña o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos.

**6. APLICACIÓN ORZAMENTARIA.**

Para a concesión destas axudas dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter anual no eido dos servizos sociais, destinarase un importe de 65.000,00 € que se imputarán á aplicación 2310.48900 "Subvencións acción social a entidades" do Orzamento xeral do Concello.

**7.- SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR.**

As asociacións, entidades ou interesados/as en obter unha subvención do Concello de Carballo deberán solicitala mediante a presentación da documentación que se sinala a continuación:

a. **Solicitude individualizada**, presentada no modelo normalizado e asinada por quen exerza a representación legal da entidade. Deberá acreditarse a titularidade da persoa asinante mediante certificación da Secretaría da entidade ou por calquera outro medio no que quede fidedignamente demostrada a dita titularidade.

b. **Código de identificación fiscal (CIF)** da persoa xurídica solicitante.

c. **Certificación oficial de inscrición vixente** no Rexistro de Asociacións e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia. As entidades non domiciliadas en Carballo deberán xuntar, ademais, copia cotexada dos estatutos vixentes da entidade onde conste o seu domicilio social.

d. **Datos bancarios da conta corrente** á que se transferirá o importe da subvención, mediante modelo normalizado de ficha de terceiros debidamente tramitada ou certificación expedida pola entidade bancaria.

e. **Certificado do/a secretario/a da entidade** no que consten detalladamente as subvencións e/ou axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade por parte de entes públicos ou privados, con indicación expresa da súa contía. Incluirá o compromiso expreso de comunicar por escrito calquera nova axuda que se conceda posteriormente.

f. **Autorización expresa ao Concello de Carballo** para recadar de forma telemática os datos e certificacións relativos ao cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Tributaria Galega (ATRIGA) e coa facenda municipal. No caso de non outorgarse a dita autorización, a entidade deberá achegar as certificacións correspondentes.

g. **Declaración responsable** de non ter pendente de xustificación ningunha outra subvención ou axuda económica outorgada polo Concello de Carballo correspondente a exercicios anteriores.

Número de anuncio 2026/6286

**h. Declaración responsable do número previsible de persoas beneficiarias** directas e indirectas residentes no termo municipal de Carballo.

**i. Proxecto técnico explicativo e avaliado** das accións que se pretenden realizar. Deberá detallar necesariamente: denominación, diagnóstico de necesidades, obxectivos, cronograma de execución (Debe indicar se é un programa anual igual ou superior a 8 meses ou unha actuación puntual.) , lugar de desenvolvemento, responsables técnicos, metodoloxía de traballo e compromiso de emprego íntegro do galego e de linguaxe inclusiva non sexista.

**j. Orzamento detallado de gastos e ingresos** previsto para a actividade, en que se desagregue de forma pormenorizada cada concepto e se identifique claramente o destino da contía solicitada ao Concello (coa limitación máxima establecida de 8.000,00 € sen superar o 70% do custo total do proxecto).

**k. Documentación complementaria** que, no seu caso, resulte necesaria para acreditar os requisitos establecidos nas presentes bases.

A documentación presentada coa solicitude deberá ser suficiente para permitir a avaliación obxectiva dos criterios de concesión recollidos na base 5. Para tal efecto, deberá achegarse, de forma separada e identificada, a documentación específica que acredite cada un dos criterios de valoración.

**DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN**

Co fin de baremar os criterios establecidos na Base 5, xuntaranse os seguintes documentos específicos debidamente identificados:

- **Bloque A (Proxecto):** Memoria técnica, estudos previos, plans de continuidade, compromisos formais de uso da lingua e estimacións cuantitativas de beneficiarios con metodoloxía de cálculo.
- **Bloque B (Rede):** Certificados oficiais de antigüidade e convenios ou cartas de colaboración formalizadas con outras entidades.
- **Bloque C (Transparencia):** Ligazón (URL) directa ao portal web onde se fagan públicas as contas, memorias e a Xunta Directiva (ou documento equivalente no seu defecto).
- **Bloque D (Capacidade):** Relación do persoal técnico adscrito xunto coas súas titulacións, póliza e relación de persoal voluntario e inventario de medios materiais dispoñibles.
- **Bloque E (Igualdade):** Acta de composición dos órganos de goberno e certificados de formación acreditada en igualdade de xénero.

***Presentación da documentación.***

A documentación acreditativa dos criterios de valoración deberá presentarse debidamente ordenada, identificada e vinculada ao apartado da táboa de valoración ao que corresponda, para facilitar a súa comprobación pola comisión avaliadora.

**8. PRESENTACIÓN.**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía telemática a través da sede electrónica do Concello de Carballo (https://sede.carballo.org/opencms/gl/).

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na sede citada.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles que se contarán dende o seguinte á publicación do extracto da convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña,* a través da BDNS. Se o último día do prazo fora inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

No caso de que a documentación fose incorrecta ou insuficiente, darase un prazo de dez días para a súa emenda. Pasado o dito prazo sen que a persoa interesada atenda o requirimento, entenderase que desiste da súa petición.

**9. AVALIACIÓN.**

As solicitudes presentadas serán valoradas de acordo cos criterios de outorgamento especificados nestas Bases.

A concesión das axudas realizarase en réxime de concorrencia competitiva e resolverá a Xunta de Goberno Local, logo da proposta motivada da Comisión Avaliadora correspondente. A dita comisión estará formada por:

- Presidenta: concelleira delegada de Benestar
- Vogais: xefa de área do Departamento de Servizos Sociais e traballadora social do Departamento e un/unha concelleiro/a delegado/a.
- Na Comisión Avaliadora actuará como secretario/a, sen voto, un/unha funcionario/a da unidade administrativa á que lle corresponda a súa tramitación.

Número de anuncio 2026/6286

**10. RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES E NOTIFICACIÓN.**

Na resolución, no caso de ser positiva, farase constar a contía da subvención, forma de pagamento, programa afectado e condicións nas que se outorga.

De non resolverse expresamente esta convocatoria no prazo de seis meses, que se contarán a partir do día seguinte a rematar o prazo de presentación da solicitude, entenderase desestimada.

O acordo de concesión provisional notificaráselles ás entidades interesadas de xeito telemático no correo electrónico facilitado para tal efecto na solicitude, sen prexuízo da súa publicidade no taboleiro de anuncios/sede electrónica municipal. As entidades disporán dun prazo de 15 días naturais, que se contarán desde o día seguinte ao da notificación, para a presentación de alegacións.

**11. ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E OBRIGAS DOS/AS PRECEPTORES/AS.**

A subvención entenderase aceptada polo/a solicitante se dentro do prazo de 15 días naturais seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

As entidades beneficiarias das subvencións, unha vez aceptadas estas, expresa ou tacitamente, quedarán obrigadas a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas. No caso de producirse calquera alteración importante no orzamento ou no proxecto da actividade deberán comunicarllo ao Concello. No caso de imposibilidade de realizar a actividade poderán solicitar que lles autoricen un cambio no obxecto da subvención e o Concello poderá autorizar este e manter a subvención.

As entidades beneficiarias, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someterase ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención realizadas polo Concello de Carballo, cos medios que considere oportunos e facilitará canta información sexa requirida.

A obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entidades ou persoas físicas pode dar lugar á redución da achega municipal de forma proporcional.

As entidades beneficiarias das subvencións da presente convocatoria quedan comprometidas a establecer de forma clara nos exemplares dos programas, carteis anunciadores, fotografías e demais material gráfico ou sonoro que publiquen con motivo do programa ou actividade subvencionada, mención expresa do financiamento do Concello de Carballo.

Terá que incluírse o logotipo do Concello de Carballo, do mesmo tamaño, como mínimo, ao doutros posibles patrocinadores, cando a contribución económica non sexa superior á subvención concedida pola institución municipal.

No caso de que se realice, todo o material gráfico correspondente á publicidade da actividade (carteis, revistas...) estará redactado sempre en galego e con linguaxe inclusiva e non sexista.

**12. XUSTIFICACIÓN E COBRO.**

Para poder percibir as subvencións concedidas de acordo coas prescricións destas bases, as entidades beneficiarias presentarán a documentación xustificativa no rexistro xeral do Concello dentro do prazo de trinta (30) días seguintes á realización da actividade subvencionada e **antes do 31 de xaneiro de 2027**.

O orzamento que hai que xustificar será o importe da subvención concedida dividida entre o coeficiente de financiamento fixado nas presentes bases (**0.7**).

A documentación xustificativa será a seguinte:

a) A solicitude subscrita pola persoa que exerza a Presidencia da entidade, asociación ou entidade beneficiaria, dirixida á Alcaldía do Concello de Carballo, na que se solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicado na solicitude. Deberá acreditarse a titularidade da persoa asinante mediante certificación da Secretaría da entidade ou por calquera outro medio no que quede fidedignamente demostrada a dita titularidade.

b) A memoria xustificativa da actividade realizada, que deberá axustarse ao proxecto presentado e conter, como mínimo, a descrición da actividade efectivamente executada, o cronograma real, o lugar ou lugares de realización, o número e perfil das persoas beneficiarias directas e indirectas, os resultados obtidos, as incidencias ou modificacións producidas respecto do proxecto inicial, as medidas adoptadas en materia de igualdade, a inclusión, o uso do galego e a linguaxe non sexista, así como a valoración final do grao de cumprimento dos obxectivos.

c) A relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para a mesma finalidade. No caso de concorrencia de subvencións xa xustificadas, deberá achegarse a certificación da Administración concedente na que se detalle os conceptos subvencionados, os importes xustificados e o período ao que se refiren os gastos.

d) A relación completa dos gastos da actividade, con identificación respecto de cada factura do emisor e número de documento, concepto, importe, data de emisión e data de pagamento.

Número de anuncio 2026/6286

e) As facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente correspondentes á actividade subvencionada.

f) A declaración responsable de que as facturas e xustificantes presentados lle foron aplicados á actividade subvencionada e non foron utilizados para a xustificación doutras subvencións, agás no caso de financiamento concorrente debidamente identificado.

g) Un exemplar de toda a documentación impresa xerada pola actividade subvencionada, no que conste a colaboración do Concello de Carballo.

h) Se no momento do pago da axuda a entidade non estivese ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e teña xustificado o cumprimento das condicións da subvención, informarase a entidade beneficiaria de que non se pagará, agás que xustifique ter regularizado a súa situación.

**13. REQUISITOS DAS FACTURAS.**

***13.1- Requisitos formais.***

As facturas que se acheguen como xustificantes da subvención deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) Poderán ser orixinais ou copias auténticas.

b) Deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 6 do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se regulan as obrigas de facturación.

c) Estar datadas e pagadas no exercicio 2026, salvo a excepcionalidade recollida na base 4 destas bases.

d) Conter o nome ou razón social e o número de identificación fiscal da persoa física ou xurídica emisora, así como o nome, razón social e NIF da entidade beneficiaria.

e) Conter o selo de pagado ou, no seu defecto, o correspondente xustificante do pagamento efectivo mediante documento bancario ou equivalente que permita acreditar a saída real dos fondos da conta da entidade beneficiaria.

f) Axustarse ao orzamento presentado no momento da solicitude e aos conceptos aprobados na resolución de concesión.

g) Especificar de forma detallada o número, concepto e características dos servizos prestados ou do material adquirido, os prezos unitarios e calquera outra información que facilite a comprobación de que os documentos se axustan ao obxecto da subvención.

h) No caso de imputarse gastos por alugamento de inmobles, deberán presentar o modelo 115 e 180 da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e os correspondentes xustificantes de pagamento

***13.2. Gastos de persoal***

No caso de gastos de persoal vinculado á actividade, deberanse presentar:

- A relación nominal de traballadores/as (RNT).
- A relación de liquidación de cotizacións (RLC).
- O RLC deberá ir acompañado do xustificante bancario de pagamento. Así mesmo achegaranse os modelos 111 e 190 da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e os correspondentes xustificantes de pagamento.
- Os documentos de ingreso na Axencia Tributaria das retencións practicadas en concepto de IRPF.

***13.3. Profesionais independentes***

Cando se trate de pagamentos a profesionais independentes, deberá achegarse, ademais da factura, a documentación acreditativa da retención practicada e do seu ingreso, cando proceda.

***13.4. Gastos non admisibles***

Non se admitirán como xustificantes:

- As facturas que non garden relación directa coa actividade subvencionada.
- As que presenten emendas, borróns ou defectos formais que impidan a súa validación.
- As emitidas fóra do período subvencionable, agás as excepcións expresamente recollidas nestas bases.
- Os pagamentos realizados sen a debida acreditación documental.
- Os gastos que non resulten coherentes co proxecto presentado ou coa resolución de concesión.

**14. VINCULACIÓN ENTRE A AVALIACIÓN E A XUSTIFICACIÓN.**

***14.1. Principio de correspondencia.***

A documentación presentada coa solicitude será a que se utilizará para a valoración conforme aos criterios recollidos na base 5; a documentación xustificativa deberá acreditar con suficiente intensidade probatoria o grao de execución destes.

Número de anuncio 2026/6286

**14.2. Comprobación.**

A Comisión Avaliadora ou o órgano instrutor poderá requirir aclaracións ou documentación adicional para comprobar a veracidade das declaracións efectuadas na solicitude e a correspondencia entre a valoración obtida e a execución do proxecto.

***14.3. Efectos da insuficiencia documental.***

A inexistencia ou insuficiencia da documentación que motive a puntuación obtida poderá dar lugar á rebaixa da valoración correspondente ou á denegación da subvención cando a discrepancia resulte substancial.

**15. RECURSOS.**

Contra a resolución, que esgota a vía administrativa, as entidades poderán interpor un recurso potestativo de reposición ante o órgano correspondente no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da recepción da resolución polo/a solicitante, segundo dispoñen os artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben ser impugnados directamente ante a orde xurisdicional contencioso administrativo.

**16. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

En cumprimento do disposto no artigo 18.2 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, o Concello de Carballo remitiralle á Base de Datos Nacional de Subvencións información sobre a concesión das subvencións."

Segundo.- Aprobar o gasto por importe total de sesenta e cinco mil euros (65.000,00 €) segundo o seguinte detalle:

| Obxecto | Programa-Económica | Importe | RC (Nº Operación) |
|---|---|---|---|
| Convocatoria Subvencións entidades 2026 | 2310.48900 | 65.000,00 € | 220260010642 |

Terceiro.- Aprobar os modelos de solicitude segundo os anexos I a VIII que acompañan a esta proposta.

Número de anuncio 2026/6286

**ANEXO I: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.**

CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PRESTADORAS DE SERVIZOS SOCIAIS. EXERCICIO 2026

### 1. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nome / Razón social:** | | | |
| **NIF / CIF:** | | **Data de constitución:** | |
| **Domicilio Social:** | | | |
| **Concello / C.P.:** | Carballo / 15100 | **Teléfono de contacto:** | |
| **Correo Electrónico:** | | | |
| **Núm. de rexistro municipal de entidades:** | | **Núm. de rexistro RUEPSS:** | |

### 2. DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE LEGAL

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nome e apelidos:** | | | |
| **NIF / NIE:** | | **Cargo na entidade:** | |
| **Acreditación da titularidade:** | Certificación da Secretaría achegada (Anexo V)<br>Outro medio probatorio válido en dereito (especificar): | | |

### 3. DATOS DO PROXECTO OU PROGRAMA PRESENTADO

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Denominación do proxecto:** | | | |
| **Ámbito preferente (Base 3):** | | | |
| **Tipo de programa:** | Programa anual (igual ou superior a 8 meses) | | Actuación puntual / Evento |
| **Orzamento total do proxecto:** | | **Contía solicitada ao Concello:** | |

### 4. SOLICITUDE OFICIAL.

A persoa abaixo asinante, no nome e representación legal da entidade indicada, SOLICITA a concesión dunha subvención económica ao abeiro da Convocatoria de subvencións a entidades prestadoras de servizos sociais do Concello de Carballo para o exercicio 2026, por un importe de _____€ e DECLARA baixo a súa responsabilidade que todos os datos reflectidos nesta solicitude e na documentación adxunta son veraces.

*Carballo, _____de _____do 2026.*

**SR. ALCALDE DO CONCELLO DE CARBALLO**

Número de anuncio 2026/6286

## ANEXO II: PROXECTO TÉCNICO E MEMORIA EXPLICATIVA

DESCRICIÓN TÉCNICA E METODOLÓXICA DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA 2026

### 1. DATOS IDENTIFICADORES DO PROXECTO.

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Nome do proxecto:** | | | |
| **Entidade promotora:** | | | |
| **Lugar de desenvolvemento:** | | | |
| **Data proxectada inicio:** | | **Data proxectada de remate:** | |

### 2. DIAGNÓSTICO DE NECESIDADES E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.

| |
|---|
| |

### 3. OBXECTOS DO PROXECTO

| OBXECTIVOS (XERAIS E ESPECÍFICOS) | METAS E RESULTADOS ESPERADOS | INDICADORES |
|---|---|---|
| **Obxectivo xeral:** | | |
| **Obxectivo específico 1:** | | |
| **Obxectivo específico 2:** | | |

### 4.METODOLOXÍA E PLAN DE ACTIVIDADES.

| |
|---|
| *Detallar a metodoloxía de traballo, actividades concretas que se van desenvolver e cronograma):* |

### 5.PERSOAS BENEFICIARIAS E IMPACTO PREVISTO

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Núm. de persoas beneficiarias directas:** | | **Núm. de persoas beneficiarias indirectas:** | |
| **Perfil dos usuarias/os:** | | | |
| **Criterio de impacto (Base 5):** | Masivo [15 pt] | Relevante [10 pt] | Limitado [5 pt] |

### 6.CRONOGRAMA DE EXECUCIÓN

| Acción / Actividade | Xaneiro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño | Xullo | Agosto | Setembro | Outubro | Novembro | Decembro |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Acción 1: | | | | | | | | | | | | |
| Acción 2: | | | | | | | | | | | | |

Número de anuncio 2026/6286

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Acción 3: | | | | | | | | | | | | |

## 7.RECURSOS HUMANOS E EQUIPO TÉCNICO

| Perfil profesional | Titulación / Cualificación | Vínculo (Contrato/Voluntario) | Horas/Semanas |
|---|---|---|---|
| | | | |

## 8.COMPROMISO LINGÜÍSTICO E DE IGUALDADE.

A entidade comprométese formalmente a:

- Utilizar o **galego de xeito íntegro** na execución da actividade e nos materiais promocionais e de difusión (5 pt).
- Empregar unha **linguaxe inclusiva non sexista** e elaborar materiais respectuosos coa igualdade de xénero (5 pt).

## 9.OBSERVACIÓNS.

*Carballo, ____de _____do 2026.*

Número de anuncio 2026/6286

## ANEXO III: ORZAMENTO DETALLADO DE GASTOS E INGRESOS (I)

PREVISIÓN FINANCEIRA DO PROXECTO SOCIO ASISTENCIAL 2026

### 1. ESTRUTURA DE GASTOS PREVISTOS (IVE INCLUÍDO).

| CONCEPTO DE GASTO | IMPORTE TOTAL (€) | FINANCIADO POLO CONCELLO (€) |
|---|---|---|
| **A. Gastos de persoal directo** (nóminas, seguridade social, honorarios) | | |
| **B. Gastos de correntes e actividades** (materiais, transportes, obradoiros) | | |
| **C. Seguros** (accidentes e responsabilidade civil obrigatorios) | | |
| **D. Gastos de mantemento estrutural** (límite max. 15% excepto se é solicitude específica de mantemento max. 60%) | | |
| **Outros gastos directos:** | | |
| TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS (A + B + C + D) | | |

### 2.ESTRUTURA DE INGRESOS PREVISTOS (FINANCIAMENTO).

| FONTE DE FINANCIAMENTO | ESTADO (solicitado/ concedido) | IMPORTE (€) |
|---|---|---|
| **Subvención solicitada ao concello de Carballo** (máx. 70% e máx. 8.000€) | Solicitada | |
| Achega propia da entidade | | |
| Outras subvencións públicas (Xunta de Galicia, Deputación, etc.) | | |
| Achegas privadas / cotas de socios / prazas | | |
| **TOTAL INGRESOS PREVISTOS (Debe igualar ao Total Gastos)** | | |

*Carballo, ____de _____do 2026.*

Número de anuncio 2026/6286

## ANEXO IV: ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS E GASTOS (II)

MEMORIA ECONÓMICA. INGRESOS E GASTOS DA ENTIDADE 2026

| **INGRESOS TOTAIS PROXECTADOS 2026 (EN EUROS)** | | **GASTOS TOTAIS PROXECTADOS 2026 (EN EUROS)** | |
|---|---|---|---|
| Subvencións Concello de Carballo: | | | |
| Subvencións Deputación: | | | |
| | | En actividades / proxectos: | |
| Subvencións Xunta de Galicia: | | | |
| | | Gastos de mantemento (alugamento, luz...): | |
| Subvencións doutras entidades: | | | |
| | | Investimentos e obras: | |
| Ingresos por actividades / obradoiros: | | | |
| Cotas de socios/as: | | Outros gastos (especificar): | |
| Outros ingresos (especificar): | | | |
| **Total ingresos da entidade:** | **€** | **Total gastos da entidade:** | **€** |

| | |
|---|---|
| **Número total de socias/os:** | |
| **Importe da cota anual dos socias/os:** | **€** |

*Carballo, ____de _____do 2026.*

Número de anuncio 2026/6286

## ANEXO V: DECLARACIÓNS RESPONSABLES DA ENTIDADE

CUMPRIMENTO DE REQUISITOS LEGAIS E REQUISITOS DAS BASES 2026

D./Dª_____, con NIF _____, na súa calidade de representante legal da entidade_____, con CIF _____,

**DECLARA BAIXO A SÚA PERSOAL RESPONSABILIDADE:**

- **Non incorrer en prohibicións**

  Que a entidade non se atopa incursa en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións públicas establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- **Obrigas tributarias e Seguridade Social**

  Que a entidade se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (TGSS), coa Axencia Tributaria Galega (ATRIGA) e coa facenda municipal do Concello de Carballo.

- **Ausencia de débedas pendentes co Concello**

  Que a entidade non ten pendente de xustificar ningunha outra subvención ou axuda económica outorgada polo Concello de Carballo correspondente a exercicios anteriores (art. 2.1.b Ordenanza xeral).

- **Persoas beneficiarias residentes en Carballo**

  Que o número previsible de persoas beneficiarias directas do proxecto residentes no termo municipal de Carballo ascende a _____persoas.

- ***Paridade e perspectiva de xénero (Base 5 - Bloque E)***

  Que entidade cumpre co criterio de paridade (mínimo un 40% de mulleres na Xunta Directiva e/ou no equipo técnico adscrito ao proxecto).

  Que a entidade dispón de acreditación formal de formación en igualdade de xénero.

- **Veracidade documental**

  Que son certos e veraces cantos datos e documentos se achegan coa presente solicitude de subvención.

*Carballo, _____de _____do 2026*

Número de anuncio 2026/6286

**ANEXO VI: CERTIFICADO DA SECRETARÍA DA ENTIDADE.**

ACREDITACIÓN DE REPRESENTACIÓN, SUBVENCIÓNS CONCORRENTES E REXISTROS.

D./Dª _____, secretario/a da entidade,_____, con CIF _.

**CERTIFICO:**

***1. VIXENCIA E TITULARIDADE DA REPRESENTACIÓN LEGAL***

Que segundo consta nos libros de actas e rexistros oficiais da entidade

, con NIF , desempeña actualmente o cargo de _____, e que está plenamente lexitimado/a e con facultades vixentes para representar legalmente a entidade ante o Concello de Carballo.

A dita representación acreditase mediante:

◯ A acta de elección da Xunta Directiva con data do _____/_____/_____.

◯ A escritura pública / O poder de representación co número de protocolo _____.

***2. SUBVENCIÓNS CONCORRENTES SOLICITADAS OU CONCEDIDAS.***

Que para o mesmo proxecto ou actividade presentado a esta convocatoria:

◯ **Non** se solicitaron nin concederon outras subvencións ou axudas de entes públicos ou privados.

◯ E **Si** se solicitaron ou concederon as seguintes axudas para a mesma finalidade:

| ORGANISMO / ENTIDADE | CONCEDIDA / SOLICITADA | IMPORTE (€) |
|---|---|---|
| | | |

A entidade asume o compromiso expreso de comunicarlle por escrito ao Concello de Carballo calquera nova axuda concedida con posterioridade a este certificado.

***3. INSCRICIÓN EN REXISTROS OFICIAIS***

Que a entidade se atopa debidamente inscrita e coas súas contas ao día no Rexistro Oficial de Asociacións e no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número _____.

Visto e prace

O/A presidente/a

(Sinatura) (Nome e apelidos)....

Número de anuncio 2026/6286

## ANEXO VII: AUTORIZACIÓNS E DATOS BANCARIOS DA ENTIDADE

AUTORIZACIÓNS PARA CONSULTA E FICHA DE TERCEIROS

### 1. AUTORIZACIÓN PARA CONSULTA DE DATOS TRIBUTARIOS E SEGURIDADE SOCIAL

A entidade _____, con CIF _____, representada por _____.

◯ **AUTORIZA EXPRESAMENTE** o Concello de Carballo para consultar e solicitar de forma telemática os certificados e datos relativos ao cumprimento das obrigas tributarias coa AEAT, coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, coa Axencia Tributaria Galega (ATRIGA) e coa facenda municipal de Carballo.

◯ **NON AUTORIZA** e achega xunto coa solicitude os certificados orixinais físicos acreditativos de estar ao corrente coas ditas obrigas.

### 2. FICHA DE TERCEIROS (DATOS BANCARIOS PARA A TRANSFERENCIA)

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Titular da conta:** | (Debe coincidir co nome da entidade solicitante) | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| **NIF / CIF do titular:** | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| **Entidade bancaria:** | | | | | | | | | | | | **Sucursal / Oficina:** | | | | | | | |
| **Código IBAN:** | E | S | | | | | | | | | | | | | | | | | |

*Carballo, ____de _____de 2026*

Número de anuncio 2026/6286

## ANEXO VIII: AUTOAVALIACIÓN E DOCUMENTACIÓN BAREMABLE

ACREDITACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN (BASE 5)

Relación de documentación específica achegada para valorar os criterios de concesión fixados na Base 5:

| BLOQUE DE VALORACIÓN | DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA ACHEGADA | PUNTUACIÓN SOLICITADA |
|---|---|---|
| **A. Proxecto**<br>(Máximo 45 puntos) | Memoria técnica, plan de continuidade, compromisos formais de uso da lingua galega e igualdade, estimación de persoas beneficiarias. | |
| **B. Rede e sustentabilidade**<br>(Máximo 20 puntos) | Certificados de antigüidade oficial rexistral, convenios ou cartas de colaboración formalizadas con outras entidades. | |
| **C. Transparencia**<br>(Máximo 10 puntos) | **URL directa ao portal de transparencia:**<br>http:// | |
| **D. Capacidade**<br>(Máximo 15 puntos) | Relación de persoal técnico titulado, inventario de medios materiais, póliza de seguro de voluntariado. | |
| **E. Igualdade**<br>(Máximo 10 puntos) | Acta de composición de órganos de goberno (paridade 40%) e diplomas / certificados de formación en igualdade de xénero. | |
| **Total da puntuación estimada pola entidade (Máximo 100 puntos)** | | |

*Carballo, ____de _____de 2026*

Número de anuncio 2026/6286

## OBRIGAS DAS ENTIDADES PERCEPTORAS E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN. CONCELLO DE CARBALLO 2026

### OBRIGAS DAS ENTIDADES PERCEPTORAS

1. **Presentar a xustificación:** Hai que presentar antes do 31 de xaneiro de 2027 a xustificación da subvención coas facturas correspondentes á actividade subvencionada, así como unha memoria das actividades realizadas e dos gastos e ingresos correspondentes.
2. **Importe das facturas:** As facturas presentadas deberán ser por un importe igual ou superior á cantidade concedida e ser orixinais ou fotocopias compulsadas.
3. **Execución do proxecto:** É necesario realizar a actividade para a que foi concedida a subvención. No caso de producirse calquera alteración importante no presuposto ou no proxecto da actividade deberá comunicarllo ao Concello. No caso de imposibilidade de realizar a actividade poderán solicitar que o Concello lles autorice o cambio no obxecto da subvención e, no caso de autorizalo, poderá manter a subvención.
4. **Publicidade institucional:** Débese **facer** constar nos materiais de difusión e publicidade a colaboración do Concello de Carballo, acompañada se procede, do logotipo correspondente, no lugar e tamaño destacado con respecto a outros posibles colaboradores.
5. **Uso da lingua galega e linguaxe non sexista:** No caso de elaborar material de difusión, publicidade ou información sobre a actividade (carteis, revistas, folletos, medios audiovisuais e contidos dixitais, etc.), este estará redactado en lingua galega e fará un uso inclusivo e non sexista da linguaxe, e garantirá unha representación equilibrada e sen estereotipos.
6. **Seguimento e control:** É preciso colaborar no seguimento ou solicitude de información que realice o concello.
7. **Obriga tributaria:** É imprescindible estar ao corrente nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social.
8. **Concorrencia:** É obrigatorio comunicar calquera outra subvención que soliciten ou que se lles conceda para a mesma finalidade.

### DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

1. **A solicitude individualizada,** en modelo normalizado, asinada polo/a peticionario/a ou no caso de persoas xurídicas, polo/a representante legal debidamente acreditada a representación (anexo I).
2. **O CIF,** a fotocopia do código de identificación fiscal, no caso de persoas xurídicas.
3. **A certificación de rexistro e estatutos,** certificación da inscrición no Rexistro de Asociacións e de Entidades Prestadoras da Xunta de Galicia. As persoas de fóra do concello xuntarán os estatutos que rexen a entidade, así como a certificación que acredite os cargos representativos e o domicilio social (anexo VI).
4. **Os datos bancarios,** a certificación bancaria do IBAN da conta onde se realizará a transferencia (co titular e código IBAN).
5. **A declaración de subvencións,** certificado do/a secretario/a coas subvencións obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade (anexo VI).
6. **Os requisitos das bases,** xustificación documental dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria.
7. **A declaración de non débedas,** de non ter pendente de xustificación ningunha subvención co Concello de Carballo (anexo V).
8. **A declaración de persoas beneficiarias** co número de beneficiarios/as directos/as e/ou indirectos/as da actividade.
9. **O proxecto explicativo** detallado e valorado coas datas, lugar, responsable, obxectivos e persoas beneficiarias (anexo II).
10. O orzamento detallado de gastos e ingresos especificado por conceptos (anexo III e IV).

Carballo, a 25 de setembro de 2026

O Alcalde

D. José Daniel Pérez López

2026/6286

Número de anuncio 2026/6286